



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Nomeamento de tres oficiais de policía

ANUNCIO

Por resolución núm. 1256 da concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior de data 16 de xuño de 2025, resolveuse o seguinte que en extracto di:

“**Primeiro.-** Nomear funcionarios de carreira, Oficiais da escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local (C1), unha vez superado o curso selectivo de formación teórico-práctico para a nova categoría na Academia Galega de Seguridade Pública, convocado pola Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, a:

- 1º. Fernando Vázquez Gil con DNI número ***2868**
- 2º. Salvador Lafuente Ramos DNI número ***9545**
- 3º. Pablo Barreiro Sánchez DNI número ***9402**

Segundo.- Notificar esta resolución ás persoas interesadas conforme aos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, e art. 3.2 h) do RD 128/2018, de 16 de marzo, e comunicala aos servizos municipais afectados.

Contra a presente resolución, que é definitiva en vía administrativa, poderá interpoñer, con carácter potestativo, e sen prexuízo de calquera outros que estime oportunos, recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación, ante este órgano, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, ante o correspondente Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación -artigos 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 209 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Culleredo, 16 de xuño de 2025

A concelleira delegada de Cohesión Social,

Recursos Humanos e Réxime Interior

Marta María Figueroa Fuentes

PD. Resolución núm.1260/2023, do 04.07.2023

(BOP núm. 131, do 11.07.2023)

2025/3966